

MICRO PUNTAZO EXPRÉS

PARA NOVOS EMPRENDEMENTOS CREATIVOS

29 DE NOVIEMBRE

CULTURAL



MICRO

Exprés



PONT-UP STORE

ESPACIO DE EMPRENDIMIENTO



pontevedra
ten un puntazo



MICRO PUNTAZO EXPRÉS

PARA NOVOS EMPRENDIMENTOS CREATIVOS NO CULTURGAL

► **QUE É?**

Micro Puntazo Exprés é unha iniciativa impulsada pola Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Pontevedra que se vai celebrar o venres 29 de novembro de 2019 durante o Culturgal, e enmárcase na experiencia do Puntazo Exprés nas diferentes edicións do Pont-Up Store: Espazo de emprendemento, promovido polo Campus CREA S2i da Universidade de Vigo, poñendo o foco nun sector económico concreto.

A finalidade deste Micro Puntazo Exprés para novos emprendementos creativos é facilitar o achegamento e o diálogo entre persoas emprendedoras e representantes de empresas e entidades galegas conectadas da economía creativa e xa consolidadas a través da presentación de 5 proxectos de novo emprendemento, cun formato dinámico e áxil.

► **COMO FUNCIONA?**

Cada unha das candidaturas seleccionadas deberá presentar o seu proxecto en 5 minutos a un comité de “escoitantes” composto por tres/catro persoas. A presentación será pública e ao remate de cada intervención haberá dous minutos de réplica por parte de cada unha das persoas que compoñen o comité. Ao final da dinámica haberá un espazo para debater e comentar de xeito máis relaxado os proxectos.

► **QUEN PODE PARTICIPAR?**

Pode participar no Micro Puntazo Exprés calquera persoa maior de idade que teña un emprendemento que sexa innovador, creativo e enmarcado no sector da economía creativa que leve en funcionamento menos de 3,5 anos (42 meses) ou un proxecto en fase moi avanzada de desenvolvemento con prototipos de produtos/servizos e expectativas reais de lanzamento a curto prazo.

Poden participar entidades, empresas, asociacións ou colectivos sempre que se designe a unha persoa representante que será a encargada da presentación do proxecto.

Dentro da economía creativa priorizaranse emprendementos das actividades nas que Culturgal centra fundamentalmente o seu ámbito (arte, editoriais, audiovisual, artes escénicas, deseño, publicidade, novas tecnoloxías relacionadas, entre outras).



MICRO PUNTAZO EXPRES

PARA NOVOS EMPREDEMENTOS CREATIVOS NO CULTURAL

► **COMO PARTICIPAR?**

É preciso presentar unha proposta a través do formulario de inscrición que atoparás en <https://pontupstore.com/web/gl/participa/micro-puntazo-expres>. Neste formulario solicitarase información básica da persoa responsable do emprendemento e un breve resumo do mesmo.

O prazo para a presentación de solicitudes será do día 21 de outubro ao 10 de novembro (21 días naturais), ambos incluídos.

► **PROCESO DE SELECCIÓN**

Unha vez recibidas as propostas, a organización e representantes das entidades impulsoras e patrocinadoras seleccionarán un máximo de cinco, para o que se baseará en criterios como:

- Orixinalidade, innovación e creatividade do proxecto
- Sostibilidade.
- Claridade e concreción.
- Potencial impacto económico ou social, empregabilidade.
- Capacidade de desenvolvemento futuro

Neste sentido, valorarase que os proxectos teñan un elevado compoñente creativo e artístico, pero tamén terán cabida elementos como tradición, a preocupación pola calidade e a sostibilidade.

Os proxectos seleccionados publicaranse en <https://pontupstore.com/web/gl/micro-puntazo-expres> a partir do 13 de novembro.

A organización poñerase en contacto coas persoas representantes das propostas seleccionadas para pechar aspectos loxísticos e organizativos.

► **QUEN VAI ESCOITAR OS EMPREDEMENTOS?**

En breve iranse colgando información sobre as persoas/entidades designadas para escoitar os emprendementos seleccionados.

Lembra que esta é unha oportunidade única de presentar propostas empresariais, creativas e innovadoras a potentes interlocutoras do tecido cultural e creativo.

Anímate a enviar a túa candidatura!

Podes solicitar máis info en puntazoexpres@pontupstore.com



MICRO PUNTAZO EXPRES

PARA NOVOS EMPREDEMENTOS CREATIVOS NO CULTURAL

RELACIÓN DE ESCOITANTES 2019

As persoas/entidades designadas para escoitar os emprendementos seleccionados nesta edición son:



Ana Oliveira Blanco

Presidenta da Unión de Cooperativas Espazocoop e Socia de Abeluria S. Coop Galega.

Diplomada en Relacións Laborais con mestrado en xestión e dirección laboral, adícase á consultoría e investigación en economía social na cooperativa Abeluria da que é socia. É técnica da Rede Eusumo de fomento do cooperativismo e a economía social, na que acompaña procesos de emprendemento. No eido académico é doutoranda na Universidade de Santiago, onde pertence ao grupo de investigación de Dirección estratéxica, dirección de persoas e dirección comercial, ademais de ser investigadora asociada ao Centro de Estudos Cooperativos. É membro do Comité organizador do Pont-Up Store dende 2016.



Julio Gómez

Co-Director do Festival Sinsal

Julio Gómez, Vigo 1967. Historiador e investigador sonoro. Iniciou a relación coa música a finais dos oitenta como crítico nos medios de comunicación Faro de Vigo e Radio 4 de Radio Nacional de España. En 1994, comenza a exercer a súa actividade de programador musical e no ano 2000 funda a promotora Sinsalaudio.

No ano 2003, bota andar a primeira edición do Festival Sinsal SON Estrella Galicia. Trátase dun festival de música onde actúan máis de vinte bandas e artistas con procedencias xeográficas e sonoras diferentes, que percorren boa parte do planeta e que compoñen o cartel secreto do festival.



MICRO PUNTAZO EXPRÉS

PARA NOVOS EMPRENDIMENTOS CREATIVOS NO CULTURAL



Maria Teresa Cores Fernández

Coordinadora da Área de Cultura de Afundación

Maria Teresa Cores é a coordinadora da Área de Cultura da Obra Social de Abanca, Afundación. Trátase dunha das entidades galegas con máis longa traxectoria no eido da acción educativa, social e cultural, a través do apoio e organización de diferentes proxectos: exposicións, concertos, conferencias, publicacións, etc, etc.

PROMOVE:

Universidade de Vigo

CREA S2i

Social and Sustainable Innovation

PATROCINADOR PRINCIPAL:



**CONCELLO DE
PONTEVEDRA**

DIRIXE:



G4 PLUS
Desarrollo estratéxico:
organizacións e territorios

Universidade de Vigo

Membro de:

ECOBAS
Economics and Business Administration for Society

PATROCINADORES:

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



Consello Social
Universidade de Vigo



**XUNTA
DE GALICIA**

espazo coop
unión de cooperativas galegas



eusumo
Cooperativismo e Economía Social



//Afundación
Obra Social ABANCA

//ABANCA



Galicia
Jóvenes Empresarios

aempe

Cámara
Pontevedra, Vigo y
Vilagarcía de Arousa



ZFV
CONSORCIO
ZONA FRANCA
DE VIGO

GADIS



FINSA
soluciones en madera

COA COLABORACION DE:

o cable inglés

cooperativa cultural



MÁIS INFORMACIÓN:

puntazoexpres@pontupstore.com

ORGANIZACIÓN PUNTAZO EXPRES:

NOVA
xestión cultural

PONTUPSTORE.COM